

## **BASES E CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN**

As persoas interesadas neste concurso, só coa súa participación, aceptan todas e cada unha das disposicións descritas nestas bases para participar no

### **VI CONCERTO DA ASOCIACIÓN “LUIS NIEVES” CERTAME MISTER DRUM**

**1.- A inscrición** podes realizala *presencialmente* (na sede da Asociación, sita na rúa Roberto Baamonde, 36, baixo, en Monforte de Lemos) ou a través da *páxina web* da seguinte forma:

a) Entra na páxina web:

<https://asociacionluisnieves.com/mister-drum/>

b) Cubre o **formulario de inscrición** cos teus datos persoais.

c) A inscrición é gratuita.

d) Unha vez cuberto envía o **formulario de inscrición** a [baquetastoc@ gmail.com](mailto:baquetastoc@ gmail.com)

### **2.- Calendario:**

a) O **prazo de inscrición** abrirase o día 1 de abril de 2024 e rematará o 10 de agosto de 2024.

b) As **audicións** serán en modo presencial o día, sábado, 14 de setembro de 2024 en Monforte de Lemos. (Darémosche o horario e a localización exacta máis adiante). Hai tres categorías. Sairán eleixidos 9 finalistas (tres de cada categoría) que se presentarán á Gran Final.

c) A **Gran final** en principio será o domingo, día 15 de setembro de 2024. Pero isto dependerá do número de participantes.

Se son poucos os/as participantes presentados, o acto comezará e rematará nun só día, levándose a cabo tanto as audicións como a Gran Final o día 15 de setembro.

### **3.- Condicións de participación:**

1.- Haberá tres modalidades de participación segundo a idade:

**Infantil** (ata os 12 anos), **xuvenil** (de 13 a 25 anos), **adultos** (máis de 25 anos).

2.- En cada modalidade deberá haber un mínimo de tres participantes para poder optar aos premios. Se non hai tres participantes será o xurado quen decida que premio lle corresponde (primeiro, segundo, terceiro), ou ningún, quedando así a modalidade deserta.

3.- É válido calquera estilo musical que o concursante elixa.

- 4.- Deberás preparar **dous temas**. Un para as audicións (máximo 6 minutos) e outro se eres elixido finalista para tocar na Gran Final (máximo 6 minutos).
- 5.- Os temas elixidos presentarán todos os instrumentos agás a pista da batería. Envíanos os **temas** xa preparados, o **título**, o **autor ou intérprete** e o **teu nome**. Terás que envialos por email a [baquetastoc@gmail.com](mailto:baquetastoc@gmail.com) antes do 10 de agosto de 2024.
- 6.- Estará habilitado no escenario un set estándar de batería para todos os participantes. Con esta medida buscamos axilidade e igualdade de condicións para os participantes e mesmos parámetros de escoita para o xurado. A batería estará composta de 5 pezas (tom1, tom 2, tom base, caixa e bombo) ademáis hi- hat, crash e ride.
- 7.- Poderás traer aqueles complementos que necesites para o desenrolo dos temas (doble pedal, pratos...)
- 8.- Os/as candidatos/as non deben ter traxectoria profesional recoñecida, xa que se trata dun certame de Novos Talentos para encontrar aos nosos “Mister Drum”.
- 9.- Os/as candidatos/as non poderán presentar temas propios, nin do seu grupo (se é que o tivesen) nin temas gravados ou compostos por eles total ou parcialmente.

#### 4.- O Xurado.

a) O xurado **evaluará** os seguintes ítems:

- Orixinalidade na interpretación.
- Dominio do tema.
- Precisión rítmica.
- Elementos expresivos: matiz, intensidade, velocidade...
- Fluidez e flexibilidade.
- Complexidade da obra.
- Actitude no escenario.
- Recursos técnicos.
- Adecuación estilística.

b) O xurado participante no **CERTAMEN MISTER DRUM** estará formado por bateristas profesionais, profesores todos eles do primeiro Mister Drum “Luis Nieves”.

Contará tamén cunha pianista e cantante monfortina e tamén coa presidenta da Asociación.

## 5.- Premios.

- a) Habará tres **premios** en cada categoría (un total de nove premios). A cuantía dos mesmos é a seguinte: **300 €** os tres primeiros, **150 €** os tres segundos, **75 €** os tres terceiros. En total **1.575 €**  
Os cheques dos premios serán canxeables por material e/ou instrumentos musicais na tenda de música Matiz de Ourense.
- b) **Difusión dos gañadores:** Os gañadores do concurso autorizan expresamente á Asociación Cultural Musical “Luis Nieves” a difundir os seus nomes e imáxes nos medios que considere convenientes, sen dereito a compensación de ningunha índole.
- c) **Reclamacións ou conflitos.** Calquera queixa ou reclamación que poidan xurdir en relación ao concurso ou aos premios, resolveranse de maneira individual entre os concursantes e a Asociación, sen recurrir de ningunha forma a unha acción legal.